

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE GONDOMAR

D./Dna. \_\_\_\_\_, con D.N.I. nº \_\_\_\_\_,  
domicilio \_\_\_\_\_

**Expón:**

Que son nai/pai dun alumno/a matriculado no CEIP Chano Piñeiro, que padece as consecuencias da falta de conserxe no citado centro escolar; e estou moi preocupado/a pola seguridade e o mantemento das instalacións do mesmo. O concello de Gondomar sempre garantiu un conserxe en todos os centros educativos de infantil e primaria ata que o actual goberno municipal decidiu retiralos. A falta de conserxe no Colexio Público Chano Piñeiro por períodos prolongados vén sendo unha constante desde comezos de curso, o que se agravou coa falta total de conserxe dende hai varios meses. Estes feitos xa foron denunciados polas ANPAs dos colexios de Gondomar sen que o concello de Gondomar faga nada para darlle unha solución.

As labores de reparación, conservación e mantemento dos centros educativos son competencia dos concellos e así se establece no acordo marco entre a Consellería de Educación e a FEGAMP onde se indican cales son estas labores, labores que non se están realizando debido á falta de persoal (conserxes). Indícase tamén nese acordo que unha ***“revisión anual periódica do estado de conservación do edificio evitaría moitas actuacións posteriores que se terán que facer con carácter de urxencia; ademais daría unha boa imaxe do centro de ensino, o que se considera de indubidable valor pedagóxico para o alumnado e de imaxe pública do edificio ante a sociedade”***. De todos é sabido o estado de abandono no que están os centros educativos, só fai falta acudir aos mesmos.

Considero que é moi importante que os centros escolares conten con todos os servizos necesarios para garantir unha educación de calidade aos nosos cativos, e a presenza dun conserxe nos centros educativos de infantil e primaria é algo imprescindible para unha boa educación dos nosos fillos e fillas.

Son moi consciente da labor tan importante que desempeña un conserxe nun centro educativo e soamente se valora cando falta, coa repercusión que ten na calidade da educación dos nosos fillos e fillas. Por todo isto,

**Solicito:**

Que polo Goberno Municipal de Gondomar se garanta o mais axiña posible a presenza dun conserxe no Centro de Educación Infantil e Primaria Chano Piñeiro.

En Gondomar a \_\_\_\_ de marzo de 2024.

Asdo.: \_\_\_\_\_